



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANUNCIO: para dar coñecemento público de que o día 12-03-2021 o Sr. Alcalde ditou a resolución 582/2021 de ampliación do orzamento destinado ás axudas PEL-REACTIVA Sada, co texto que a continuación transcribimos:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. Aprobación da ampliación de orzamento. Axudas PEL-REACTIVA Sada

APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DE ORZAMENTO DESTINADO ÁS AXUDAS PEL-REACTIVA CORRESPONDENTES Á CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE SADA DENTRO DA ADHESIÓN AO FONDO DE FINANCIAMENTO PROVINCIAL PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

ANTECEDENTES

A resolución provincial 2020/32931 da Deputación da Coruña aprobou a concesión definitiva do Fondo de Financiamento para a reactivación económica e social da Provincia da Coruña (PEL-REACTIVA), outorgando ao concello de Sada 226.411,43€ pola adhesión municipal ao fondo.

Por medio da avocación de competencias aprobáronse no decreto de Alcaldía 2280/2020 o 29/10/2020 as bases específicas da convocatoria de axudas do Concello de Sada, dentro do marco das subvencións PEL-REACTIVA.

As bases reguladoras foron publicadas na BDNS. O correspondente extracto foi publicado no BOP da Coruña con data 04.11.2020, dando lugar á apertura do prazo de solicitudes, que rematou o 25.11.2021. A páxina web municipal recolleu as bases específicas e a información relacionada.

A base 3ª reguladora da convocatoria prevé a posibilidade de modificación do orzamento dispoñible, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento das axudas

A comisión técnica da Concellería de Promoción Económica, nomeada por medio do decreto núm. 322/2021 como responsable da instrución do procedemento de concesión de subvencións municipais "PEL REACTIVA", instruíu a tramitación das solicitudes recibidas consonte ao sinalado na norma 10 das Bases provinciais, reguladoras das axudas PEL-REACTIVA e publicadas no BOP da Coruña núm. 128 de 12 de agosto de 2020.

A instrución das solicitudes comparou as solicitudes correctas coa fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados na base 6.1, para o cal a comisión aplicou, nos casos en que foi necesario, os criterios de desempate. Con base a esta valoración e á orde de prelación resultante, a Alcaldía aprobou resolución de concesión provisional mediante o decreto núm. 403/2021 de data 22 de febreiro. Neste decreto recóllese a existencia dunha serie de solicitudes que cumpren coas condicións da convocatoria pero que quedan sen dereito a axuda por terse esgotado o orzamento dispoñible segundo o procedemento de concesión establecido na normativa.

O decreto de concesión provisional foi publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web www.sada.gal, producindo os efectos de notificación colectiva ás persoas interesadas tal como se establece no punto 11 das bases reguladoras e segundo o establecido no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As persoas interesadas dispuxeron dun prazo de 10 días hábiles para aceptar, rexeitar ou presentar alegacións ao contido do decreto.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Estudadas e valoradas as alegacións recibidas, a comisión técnica realizou unha nova revisión das solicitudes e aplicando os cambios precisos e propuxo o seu informe cunha nova orde de prelación para motivar a concesión definitiva das axudas. Nesta proposta tamén se reconece a existencia dunha listaxe de solicitudes que cumpren coas condicións da convocatoria pero que son denegadas por esgotamento do crédito. A proposta de concesión definitiva sinala que o orzamento alcanza para dar a axuda a 102 solicitudes, quedando 110 solicitudes sen concesión de axuda aínda cumprindo as condicións requiridas.

Tendo en conta que as bases da convocatoria prevén no seu punto 3º a posibilidade de ampliar o crédito destinado ás axudas, dado que na sesión plenaria de data 11.03.2021 aprobouse inicialmente expediente de modificación de crédito 0482021 polo que se amplía a consignación destinada á presente convocatoria de axudas por un importe de 185.000 euros, á vista de todo o que antecede

RESOLVO:

Primeiro.- ampliar o crédito orzamentario destinado á convocatoria de axudas PEL-REACTIVA, correspondentes á convocatoria de subvencións do Concello de Sada dentro da súa adhesión ao fondo de financiamento provincial para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, en 185.000 euros, coa finalidade de dar cobertura á totalidade de solicitudes presentadas que cumpren cos requisitos establecidos. Esta ampliación queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor da modificación de crédito 04/2021. De acordo co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña compromiso municipal con transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva.

Segundo.- ampliar o prazo de xustificación previsto na base 12, establecendo que as solicitudes financiadas coa ampliación do crédito disporán dun prazo de xustificación de 10 días, a contar dende o seguinte ao da notificación da súa concesión definitiva.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e o secretario accidental, Juan Esteban Méndez Leiva.